

O NOSO LUGAR

NON NORN I NORO



María Victoria Moreno Márquez

Naceu o 1 de maio de 1940 en Valencia de Alcántara (Cáceres) e faleceu o 21 de novembro de 2005 en Pontevedra.

Foi unha escritora de literatura Infantil e xuvenil en lingua galega. Tamén foi mestra do ensino secundario en institutos de Lugo, Sanxenxo e Pontevedra. Para escribir usaba o pseudónimo de Peregrina Pérez.

Neste ano 2018, será a cuarta muller á que se lle dedica o Día das Letras Galegas, despois de Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido e María Mariño. Publicou, entre outros: "Mar adiante", "A festa no xaiado", "E haberá tiróns de orellas?"



"Eu conto ti contar" ou "Leonardo
e os fontaneiros".
Faleceu no ano 2005, vítima
dun cancro.

4ºB



Actividades no cole

Este ano, os menes e menas de 4ºB, xunto cos nosos compañeiros de A, e ás veces cos de terceiro tamén, fixemos moitas actividades. Dúas das que máis nos gustaron foron a saída a Avifauna e un taller de pasta que fixemos no cole. A Avifauna fomos cos compañeiros de 3ºA, 3ºB e 4ºA. Vimos moitísimos paxaros: a pita do monte (que está extinguida en Galicia), un pavo real que nos ensinou a súa fermosa cola, voitres, avestruces... Gustounos moitísimo e queríamos repetir!!! O taller de pasta foi dentro do cole. Elaboramos a masa con farina e ovo, amasamos coas nosas mans e despois fómosla pasando por diferentes máquinas para deixala ben fina. Noutra máquina podíase cortar máis



fina ou máis grossa. Ao final, levámola para
a nosa casa para comer. Que boa estaba!!!!

48B





NEN@S INFANTIL 6º A E 6º B

Aquí nos vedes con algúns traballos realizados durante o longo do curso. Entre outras épocas coñecemos a Prehistoria e a Idade Media.



Ademáis deunos tempo a realizar distintas actividades que agora vos mostramos:





Eu conto, ti cantas

Eu, cando sexa grande,
serei bombeiro,
acaso policía,
ou quizais médico.
Son bos oficios:
gáñase o pan velando
polos veciños.



Xa non teño medo!

Eu durmo na fufarda
porque son malo,
porque esperto pola noite
e porque falo.
Máis mamá dixo
que podía chamala
de ser preciso.

Curso 1ºB




↖ CAN BRANCO, CAN NEGRO ↗

Chamáronlle Nicolau

un día de primavera
cando chegou a esta vida
aqueles novelos de seda.

Era un can moi feito
de capa brillante e negra,
doces ollinos de mel
e bondadosas orellas
que daban a súa cariña
unha traza viva e tenra.



- Oellas de veludo
que estás pensando?
Agora teño clase,
mais logo saio.
E cando veña
xogáremos na casa
ata que queiramos.






« UN CACHIÑO DE BICA? »
Os ollínos de Nica
pañiando tristes
nun laio de cristal
e de acbiche.
As tres e media,
cando Iván ía á escola,
choraba ela.





Os nenos e nenas
de 3 anos,
coas letras da
primavera
formamos palabras
importantes para a
CONVIVENCIA





Dúas palabras contrarias
de extremo a extremo son
a primeira produce feridas
que a segunda curará
Se todos estamos unidos
unidos pola verdade
nunca nos arrepentiremos
de ter loitado pola PAZ

PaZ en vez de guerras

Par e non guerras

Par é dar

e non quitar

Par é amar

axudar aos demais

Se queremos PAZ

non hai que pelexar

A Par é amor

e está no corazón.





Coas letras da PAZ

quero unha P, quero unha P
para parar, para parar
peleas e guerras que nos farían chorar

Quero unha A, quero unha A
para abrazar, para abrazar
todo o amor que se pode soñar

E agora tamén
para o final
quero unha Z
para dicir PAZ.



No xardín da PAZ

brota a ilusión
regouse con esperanza
e medrou moito amor
O que labra este xardín
non ten oficio nin idade
só o basta o corazón
para coardar a PAZ.





Acrósticos de 2º A E.P.

Mulleriña de 2º A son.
Amigos e amigas teño.
Lograrei non suspender.
Aos nenos do curso pasado bótoos de menos.
K (c)ando estea en 3º terei novos compañeiros?

Para ter amigos hai que respectalos.
Alumno do CEIP Paradai son.
Busco e rebusco xogos na aula.
Logro divertirme cos meus compis e coas profes, e
Os meus compañeiros quérenme moito.

Son alumna do CEIP Paradai.
Ogallá siga disfrutando e aprendendo moito!!!
Razóns teño para rir con todos os meus compis.
Amigos e amigas teño
Y (e) quérolles moito
Ao rematar non quero olvidar a Star e Poni.



Neno son de 2º A.

Uf! Canto traballíño, canto xogo.....

Nenos/as , compañeiros/as

Ogallá pasemos todos a terceiro !

Falo moito cos meus compañeiros e compañeiras.

Aprendimos a sumar, restar , multiplicar...

Temos unha profe maravillosa.

Intento portarme cada vez mellor.

Marta é a directora do cole.

Aprendín que copiar non é aprender.

Sempre no cole me divirto.

Aos meus compañeiros e a min gústanos xogar.

Razóns temos para rir todos xuntiños.

As miñas profes son moi boas.

Y (e) estudamos moito.

Alumno do CEIP Paradai.

Neno alegre e xoguetón.

Teño que tratar de mellorar.

Hoxe é un momento moi importante.

O digo claríño: quérovos compañeiros!

No colexio o paso xenial!

Y (e) quero moito a Estrella.



Sempre traballamos moito como bos compañeiros.
Hoxe o que máis me gustou foi Ciencias Naturais.
Amigos e amigas teño a montóns.
Razóns temos para ler e divertirmos moito.
Os profesores son moi bos.
Zas! Xa rematei o acróstico.

Vin que podo ler grazas a Estrella.
Imaxino un mundo cheo de sorrisos.
Cos meus compañeiros e compañeiras.
Teño e quero respectalos a todos.
O que máis me gustou foi o lap book
Rematei o acróstico

K (c)ando imos ao recreo xogamos xuntos.
Aos meus amigos e a min gústanos xogar.
W (v)olveremos facer outro lap book?
Temos que lograr pasar a terceiro.
Alumna do CEIP Paradai son.
Rematar , xa rematei.

Aos nenos quéroos moito e as nenas tamén.
Nenos e nenas de 2º A
Amigos, todos sabemos que o noso colexio é máxico
Sempre traballamos e divertímonos moito.



Meu primeiroacróstico.
Agora xa coñezo a todos os compañeiros/as.
Razóns teño para soñar
Imaxinando un mundo cheo de sorrisos.
Alumna do CEIP Paradai son.
Non son brutiña
Axudo e colaboro.

Somos moi amigos en 2º A
Ole! Hoxe estouno pasando moi ben!
Fumos onte de excursión a Friol
I(e) no cole Paradai pasámolo quai!
A mellor tarefa : as manualidades.

Cada día divírtome máis.
Amigos e amigas teño a montóns.
Razóns teño para rir.
Logrei ter moitos amigos e amigas.
Ogallá saque boas notas!
Sempre quero divertirme no cole!

Aos meus amigos de 2º A quéroos moito
Logramos ler todos ben.
Este curso coido e axudo aos meus compañeiros.
Xogamos todos xuntos e levámonos ben todos.



A min gústame ter amigos e amigas.
Despois de segundo virá terceiro?
Razóns teño para soñar.
Imaxino un mundo cheo de sorrisos.
Alumno do CEIP Paradai son.
Neno alegre e xoquetón tamén son.

Meu 2º curso de Educación Primaria vai rematar.
Aínda moitos cursos máis me quedan!
Razóns teño para sorrir.
Teño moitos amigos e os quero.
Ilusión sóbrame para facer máis lap books!
Ñandú xa sei que é unha ave.
O mércores fumos a San Paio de Narla (Friol).

Meus novos amigos e amigas de 2ºA.
Alumno de CEIP Paradai.
Razóns teño para rir.
Imaxinando un mundo cheo de sorrisos.
Ogallá siga disfrutando e aprendendo!





Unha das actividades que os nenos e nenas de 2ºB fixeron este curso foi montar un acuario empregando materiais de refugallo que previamente cheagaron ao colexio por diferentes medios.

Tamén foron quen de facer un precioso banco de peixes empregando a bases na que viñan montadas as froitas que durante un mes estiveron tomando, dentro do plan de Alimentación Saudable no que participou o centro.



Detalle de peixe





E, ademáis de moitas outras cousas, participaron – xunto cos seus compañeiros e compañeiras de 2ºA, nunha conexión en directo na TVG no mes de marzo. Aí vos deixamos algunhas imaxes do momento.





Como parte do Proxecto que elabora o noso Centro neste curso, "Abrimos as portas ao noso", os nenos e nenas de 5º preséntanvos o seu traballo , feito con esforzo e ilusión.

empezaremos co lugo romano

e seguiremos coas lendas

da ribeira sacra

esperemos que vos guste e

vos pareza interesante





UN POUCO DE HISTORIA

Fai máis de dous mil anos que a cidade de Lugo foi fundada polos romanos co nome de Lucus Augusti sobre un antigo campamento militar e aproveitando as boas condicións do terreno, situada entre os ríos Miño e Rato, así como a existencia de mananciais de augas termais.

Durante os tres primeiros séculos da súa existencia, adquiriu un importante papel urbano.

No último terzo do século III e todo o século IV a cidade sufriu un novo período de reformas urbanísticas, motivadas fundamentalmente pola construción da muralla.

A RUTA ROMANA

Da espléndida cidade dan conta hoxe en día os numerosos e importantes restos arqueolóxicos encontrados no subsolo da cidade. Conscientes da súa importancia nos últimos anos estase traballando na súa recuperación para mostralos ao público a través de museos, sites visitables, ventás arqueolóxicas ou incorporados ao contexto da cidade actual, sexa en espazos públicos ou privados. Todos eles permiten coñecer e disfrutar do pasado romano da cidade. Un pasado que revive durante a celebración do Anno Lucus festa de recreación histórica na que o visitante pode revivir en primeira persoa a vida da antiga Lucus Augusti.




Termas Romana

A pouca distancia da ponte, atopanse as antigas termas romanas, conservadas na planta baixa do hotel - Valneavio.

Construídas a inicios do s.I.d.C. consérvanse tres salas abovedadas. Dúas de elas, parece identificarse coa zona de vestiarios. Coñécense outras estancias que corresponderían a un espazo porticado, concebido como ximnasio, e os vestos dunha gran piscina, na cal apareceron catorce altaves delicadas as Ninfas, o que confirma o uso terapéutico, relixioso das instalacións.







Porta Nova

A Porta Nova é unha das cinco portas da muralla que se considera orixinais. Situada sobre un dos accesos a cidade que unía Lucus Augusti coa costa leonesa y o golfo Artabro. O seu deseño actual corresponde a unha referencia do ano 1.900.



A FONTE DA MINA

-En Lagariza, Patón, hai unha fonte encantada preto dun castro: a fonte da mina. Di a lenda que agocha un gran tesouro gardado por unha cadea de ouro rodeada de lume e que para conseguilo hai que taparse cunha saba branca enchoupada en alcol e tirarse ao lume...

Non se sabe de ninguén que o lograra porque a montaña que rodea o castro non se derrubou nunca como tamén conta a lenda que pasaría!

PARTICIPANTES:



A lenda do Pé do home




Contaba daquela don Constantino, o fid da vila, que en tempos de antano querían erguer unha ponte no Canón do Sil, un pouco máis abaixo de Cerredá. Lenda que xurdiu de cando Almanzor perdera o seu tambor, axiña de rouba-las campás da Catedral de Santiago e disque unha puñada de mouros fuxidios quedaran ciscados polas dúas bandas do río Sil renegando da súa fe, engaiolados polos aromas da augardente de herbas e do viño amantísimo con sabor a froita da soleada Amandi que lles facialgo da Casa Moreiras de Ferreira de Pantón á sazón alcaldean perde-lo sentido, non desexando os sarracenos cortar máis cabezas de cristiáns coa cimitarra curva de media lúa, sabedores de que o paraíso real reinaba nestas terras sagradas de viñas, augas frescas, soutos e mosteiros; sen comparanza, nin mesmo, co ceo de media lúa ateigado de mozas virxes que Alá –máis enriba das nubex– prometía aos mártires da guerra santa.

E dí o fidalgo de Siós que colleran dous galos, un branco do poleiro dos freires do Mosteiro de Santa Cristina e outro negro dun mouro xigante que se quedara a vivir en terra cristiá nun lugar preto do cachón de Xabrega e non lonxe do regato Lamateiro, onde aínda se conserva a súa pegada remarcada nunha pena da que fala largo e cumprido o guía do catamarán, cando o barco turístico está asuca-lo río no medio do Canón do Sil.

Lugar moi propio para a ponte, pois no verán, din os máis vellos dos vellos do lugar, que se pasaba á outra banda, brincando sobre as pedras do leito do río. E a lenda dí que botaron a sorte: se o primeiro en cantar na alborada de san Xoán era o galo branco, habíase de ergue-la ponte; mais se, pola contra, era o galo negro en da-lo primeiro quiquiriquí do amencer, o Destino, que estaba a xogar á ruleta cos quiquiriquís dos galos, daría a coñece-la súa decisión firme de non ferí-la natureza onde, abofê, se estaba a manifestar máis fermosa.





As lavandeiras do río Sil

Hai unha lenda que fala das profundas e misteriosas augas do río Sil, na Ribeira Sacra, provincia de Ourense, como un lugar de intrigantes covas e pasadizos, amores imposibles e seres mitolóxicos que moran as súas profundidades.

Conta a lenda que a filla dun poderoso nobre de Quiroga gustaba de percorre-los montes dos arredores vestida con roupas vulgares, co obxecto de pasar inadvertida entre as xentes humildes.

Nunha tarde de outono atopou nun dos seus paseos un cazador mozo e lanzal, que viña de cazar un corzo coa súa baésta. A doncela, cuxa fermosura era, segundo se conta a "dunha fada", deuse a coñecer como pertencente ó castelo de Quiroga, mentres que o mancebo fíxoo como vasalo do señor de Osorio, de Castro Caldelas. Así e todo, a beleza de ámbolos dous mozos fixo que se namoraran nese mesmo instante o un do outro, acordando manter novos e apaixonados encontros. Aqueles encontros tiñan lugar nas beiras do Sil e ó facérense frecuentes chegaron a coñecemento do poderoso pai da rapaza. Don Pedro de Quiroga, que así era como se chamaba este nobre, consideraba ós de Castro Caldelas os seus adversarios e indignos de pretenderen a súa filla, po-lo que lle prohibiu a esta que volvera a ver o mozo cazador.



Así e todo, os namorados atoparon axiña o xeito se veren, pois había un pasadizo que comunicaba o castelo de Quiroga cun túnel que pasaba por baixo do Sil e ia ata o castelo de Castro Caldelas. Sen embargo, o pai da doncela decatouse axiña do que acontecía e considerándoo unha ultraxe decidiu impor un castigo a ámbolos dous mozos.

Así pois, unha vez que os amantes penetraran dentro do pasadizo para correr ós brazos do outro, o pai da doncela mandou ós seus homes pechar ámbalas dúas entradas do túnel cun gran número de rochas para que estas dificilmente puidesen ser outra vez abertas. Deste xeito, ficaron, baixo das augas do Sil os novos amantes para sempre...

Deles tamén conta a lenda que foron os proxenitores das lavandeiras, eses seres mitolóxicos que a crenza sitúa nas augas profundas deste río, e das que se cre lavan pulen as pepitas de ouro que o Sil deposita no seu leito.






Aceduto Romano

Lucus Augusti conta dende o S. I d.C con aceduto romano para abastecer de auga a cidade.

Os ricos mananciais aquíferos estaban situados ao noroeste da cidade. Aínda se conservan resto do seu trozado de uns 2.100 m de lonxitude, visibles nun amplo tramo remodelado probablemente na época medieval.







AS CREACIÓNS DOS NENOS E NENAS DE 5º DE ED. INFANTIL

Este ano os alumnos de 5º de Infantil “ TRABALLAMOS
MOITÍÍÍÍÍSIMOOOOOO!

Estudamos o PROXECTO DOS SERES
MÁXICOS DE GALICIA:



O PROXECTO
DA AUGA:






E agora estamos a estudar O PROXECTO DAS CALZADAS ROMANAS:





Somos uns grandes escritores, mirade que contos máis chulos fixemos:





Pero non todo foi sólo traballo tamén fixemos cousas divertidas:

Estampacións con rolos de papel



Estampacións con xeo



Estampacións con selos





Os [alumn@s](#) de 6º B queremos entretervos con algunhas das nosas creacións literarias que redactamos inspirándonos na visita realizada ao Lugo Romano. Desexamos que vos gusten tanto como desfrutamos nesa saída.

A LEIXA DE MARCA



MARÍA PENÍN GARCÍA



CAPÍTULO 1


FAI MOITOS ANOS...

A principios do século I en Lucus Augusti naceu unha nena chamada Marca, filla do gran emperador Gaio Victorio Victorino, vivían nunha gran domus, a Domus do Mitreo.

Marca, sempre estaba na súa cubiculum, porque nesa época en Lucus Augusti estaban sufrindo unha gran guerra, por culpa de Constantino que estaba en contra de Gaio.

Catorce anos despois, Gaio Victorio Victorino morreu nunha batalla, Marca entristeceuse moito.

A súa domus quedara completamente en ruínas, o único que quedaba era o peristylum, sentouse nun banco de pedra e púxose a pensar, Lucus Augusti quedara desfeita, agora reinaba o novo emperador Constantino, que gañara a batalla. Marca decidiu enfrontarse a Constantino e converterse en arquitecta.





CAPÍTULO 2

O REINADO DE CONSTANTINO

Marca reconstruíu a súa domus coa axuda de tres grandes amigos, Vibia; filla dun mercader, Antoniniana; filla dunha lavandeira e Mithra; fillo de Constantino, que por sorte xa non se falaba co seu pai facía uns 5 anos. Ademais a domus quedara moito máis bonita, Vibia inventou unha nova técnica chamada opus vermiculatum, que era unha técnica para facer mosaicos e fixo un en honor ao pai de Marca; Gaio, e a ela.

Os catro foron en busca de xente, para enfrontarse a Constantino. Primeiro foron ao foro e atopáronse con dúas rapazas chamadas Publia e Aula, convencéronas e uníronse a eles. Xa eran seis. Logo foron á taberna onde se xuntaron con tres rapaces e unha rapaza: Claudio, Julius, Diodeciano e Tiberia. Xa eran dez, foron por todos os sitios, pero ninguén máis se uniu a eles.





CAPÍTULO 3

A RECONQUISTA DE MARCA

Xuntos foron á domus de Marca, onde tiña un taller escondido na parte alta da domus.

Construíron moitas cousas espectaculares para a súa loita.

Foron acercándose á grandísima e fantástica Domus do Mitreo de Constantino, que estaba situada no centro da cidade, tiñan moita seguridade. Marca chamou por Constantino el saíu só, Marca díxolle que todo o que facía era unha inxustiza, pero de repente saíu todo o seu exército. Os dez deron un paso para atrás, pero Marca armouse de valor e coa súa sabedoría derrotou a Constantino dunha forma que xamais foi contada, pola vergoña de Constantino.

Marca pasou a reinar, todas as persoas a adoraban e como Constantino non morrera, construíron ela e os seus amigos unha muralla protectora, coñecida hoxe en día como a famosa Muralla



de Lugo, patrimonio da humanidade desde o ano 2000.

Marca, morreu a finais do século III, na súa domus rodeada polos seus amigos, por causa dunha enfermidade descoñecida ata agora.



Restos da Domus do Mitreo.





GAIA A VALENTE

Había unha vez, na época dos romanos, unha nena chamada Gaia, ela era filla do emperador Augus segundo, emperador de Lucus Agusti. A súa nai era Vibia, unha muller moi intelixente e pacífica.


Gaia tiña unha vida perfecta pois os seus escravos facíanllo todo, ademais ela vivía nunha gran Domus, que eran as casas onde vivían as familias dos patricios, é dicir, as persoas que tiñan moitos cartos.

A súa Domus era xigantesca, contaba cuns cento cincuenta metros cadrados. O seu salón, el só, xa ocupaba uns setenta e cinco metros cadrados, tiña moitas e amplas habitacións e os xardíns eran fantásticos. Ademais a súa Domus contaba con fermosos mosaicos que a facían aínda

máis

impresionante.

Pero a Gaia non lle gustaba nada a súa vida fermosa e chea de luxos.





Ela quería ter unha vida normal e traballar para gañar os seus cartos, quería sentirse libre e independente.

Un día, cando Gaia cumpríu 20 anos, o seu pai díxolle que tiña que casar con César un emperador moi coñecido na época romana . A Gaia non lle gustaba nada a idea de casarse obrigatoriamente e á súa nai Vibia tampouco .



Unha noite, Gaia farta das ordes do seu pai, decidiu escapar da Domus, disfrazouse de campesiña para que a xente non a recoñecese .

Pola noite non tiña onde refuxiarse. Así camiñando e camiñando foi petar á porta dunha granxa onde vivía unha familia pobre, na que todos traballaban coma agricultores e gandeiros. A familia era moi amable así que quedou na granxa, e para pagar a súa estancia empezou a traballar. Deste xeito Gaia aprendeu a cociñar, a facer os labores da casa, a moer a fariña co muíño, a coidar os animais e a





cultivar a terra para obter alimentos.

Gaia pasou os mellores meses da súa vida naquela granxa, ademais namorouse do fillo máis novo daquela familia, chamado Marcus. El era delgado e alto, os seu ollos eran negros coma a cor do acibeche, o seu pelo dun marrón escuro e a súa pel era morena. Marcus era un home amable, apostado e cortés. O mellor deste romance era que Marcus tamén estaba namorado de Gaia así que comezaron a saír xuntos.

Pasaban as horas mirando o lago que había ao lado da granxa .



Un día Gaia decidiu que tiña que volver á súa Domus a aclarar os problema

cos seus pais e tamén para dicirlles que tiña pensado casar con Marcus.

Ao seu pai Augus non lle parecía nada ben que a súa filla casara cun campesiño que non lle podía ofrecer nada. Pero Gaia pensaba todo o contrario. Gaia decidiu ameazar ao seu pai dicíndolle que se non lle deixaba casar con Marcus



marcharía da Domus e non volvería nunca máis .

Vibia e Augus aceptaron pois non lles gustaba nada que a súa filla desaparecese para nunca máis volver. Todos foron felices, xa que Gaia casou co home que máis amaba no mundo e os pais quedaron encantados ao lado da súa filla.

OLALLA TORRÓN NÚÑEZ

FIN



Poderíamos contarvos moitas máis historias porque este curso fixemos un pouco de todo, pero imos despedirnos xa da revista e do CEIP Paradai porque marchamos para o Instituto e esa... xa será outra aventura diferente!





Saberías nomear estes instrumentos da música galega?







Onomatopelia na Adiviña



Pi, Pi

Como pola estrada
e non son animal,
os ollos bilanme
de noite, e con
fame non podo andar.



Son paxaro sen niño.
Teño as de ferro,
rodas de goma
e os ollos de cristal



bu, bu



Camino sobre as ondas,
e teño vestidos brancos



chu, chu

Por un camiño de
ferro vou correndo veloz,
Dou un forte asubío ao
chegar à estación.
Se me meto no túnel
podes escoitar o meu beno

Xira enriba da miña
cabeza un abano
e na cola un mais
pequecho

ta
ta




AULA A.L.





PASATEMPOS


Que flor che gusta máis?



SOLUCIÓN:

A ROSA

Por que non llo mercas?



SOLUCIÓN:

QUERES MOITO

4ºB



Busca os seguintes nomes de árbores:
Carballo, piñeiro, maceira, sobreira, piorno,
faia, amieiro, eucalipto, freixo, salgueiro.

O	A	C	A	R	B	A	L	L	O
T	M	H	I	U	Z	F	F	R	R
P	I	S	A	E	R	R	I	B	I
F	E	D	F	S	E	E	B	P	E
L	I	G	V	I	U	B	U	N	N
A	R	O	X	G	S	A	X	N	I
C	O	O	L	O	N	R	O	I	P
V	H	A	R	I	E	C	A	M	T
E	S	O	Z	B	U	R	N	O	B
S	O	B	R	E	I	R	A	H	E

423



Busca os seguintes nomes de árbores:
Carballo, piñeiro, maceira, sobreira, piorno,
faia, amieiro, eucalipto, freixo, salgueiro.

O	A	C	A	R	B	A	L	L	O
T	M	H	I	U	Z	F	F	R	R
P	I	S	A	E	R	R	I	B	I
F	E	D	F	S	E	E	B	P	E
L	I	G	V	I	U	B	U	N	N
A	R	O	X	G	S	A	X	N	I
C	O	O	L	O	N	R	O	I	P
V	H	A	R	I	E	C	A	M	T
E	S	O	Z	B	U	R	N	O	B
S	O	B	R	E	I	R	A	H	E

423



Poema dedicado á PAZ

GÚSTANOS

Xogar a pelota
cun neno de fóra,
calcetar coa avoa
por máis dunha hora.


Compartir bocadillo
cun italiano,
escoitar marabillada
a fala dun africano,
dun americano e dun peruano.

Mirar as estrelas
e soñar tras delas.

Pasear o meu can,
cun xeadó na man.

Non temos nada máis que dicir,
só **PAZ** queremos pedir.

GAIA E LUCÍA 5ºB





LUDOTECA



A ludoteca é un proxecto do centro que comenzou a principios do curso 2017-2018. Naceu co fin de crear outra opción nos recreos.

Deste proxecto encárganse os alumnos/as de 5ºB que, según os resultados e a alta participación, considérase que fixeron un bo traballo.

Na ludoteca os alumnos/as do centro teñen a opción de xogar a :xogos de mesa,xogos romanos ou aprender a facer o pino coa axuda dunhas voluntarias, tamén de 5ºB.

Os encargados/as deste proxecto están satisfeitos coa experiencia e consideran que debe ter continuidade, xa que, os nenos que participaron nestes xogos facíano dun xeito ordenado e divertido.

